

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE DE CICLOS FORMATIVOS DE
GRAO MEDIO E SUPERIOR PARA A SÚA PARTICIPACIÓN DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+**

CURSO 2024-2025

O CIFP Ánxel Casal-Monte Alto, convoca o proceso selectivo para asignar bolsas dentro do Programa Erasmus+, destinadas a persoal docente de ciclos formativos de grao medio e superior.

Primeira. Obxecto

O obxecto destas bases é convocar axudas económicas para a realización de mobilidades de persoal docente de ciclos formativos de grao medio e superior de Formación Profesional do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto dentro dos proxectos Erasmus+: 2023-1-ES01-KA131-HED-000113935; 2024-1-ES01-KA121-VET-000196110 e 2024-1-ES01-KA131-HED-000196111.

As bolsas son para realizar estadias formativas (de máximo 5 días) en empresas ou institucións dalgún país da Unión Europea e pertencen a proxectos diferentes:

- Proxecto de Formación Profesional: 2 prazas para profesorado de ciclos formativos de grao medio.
- Proxectos de Educación Superior: 6 prazas para profesorado de ciclos formativos de grao superior do proxecto do 2024 e 1 praza do proxecto do 2023.

O obxectivo das mobilidades é actualizar e adquirir coñecementos das prácticas de traballo nunha empresa ou nun centro educativo e ampliar a rede de contactos do CIFP Ánxel Casal.

O período de realización das mobilidades será ata Xuño do 2025 e pódense realizar en período lectivo ou non lectivo.

Segunda. Requisitos para participar

Ser persoal docente do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto durante todo o curso 2024-2025.

É condición indispensable realizar a mobilidade relacionada cun ciclo formativo no que se imparta docencia no actual curso académico.

Terceira. Solicitudes

Realizaranse dúas sesións informativas o luns 20 de Xaneiro ás 11:30 e o martes 21 ás 19:00 na aula 102.

As inscricións realizaranse de forma online enviando o Formulario de inscrición onde se entregará:

- ⤴ DNI escaneado.
- ⤴ Un acordo de formación sobre a mobilidade prevista.
- ⤴ Certificado oficial de inglés e/ou outra lingua estranxeira (se procede).

O prazo máximo para a entrega da documentación correspondente é ata o 3 de Febreiro.

Se hai mais solicitudes que prazas, abrírase o proceso de selección tendo en conta os criterios de selección aprobados (Ver base sexta).

Cuarta. Contía das bolsas

A contía destinada a financiar os gastos de viaxes e manutención será unha cantidade fixa calculada sobre a base de importes establecidos polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE) segundo o país de destino e proxecto.

Antes de cada mobilidade informárase da bolsa Erasmus+ a recibir en cada caso, en función do país de destino, número de días e subvención dispoñible no proxecto. As tarifas aproximadas que se aplicarán son as seguintes:

AXUDAS DE VIAXE PARA PERSOAL dos proxectos 2024-1-ES01-KA121-VET-000196110 e 2024-1-ES01-KA131-HED-000196111:

Distancias	Desprazamento ecolóxico- Importe por participante	Desprazamento non ecolóxico- Importe por participante
Entre 10-99 km	56€	28€
Entre 100-499km	285€	211€
Entre 500-1999 km	417€	309€
Entre 2000-2999 km	535€	395€
Entre 3000-3999 km	785€	580€
Entre 4000-7999 km	1188€	1188€
8000km ou máis	1735€	1735€

**Por «distancia de viaxe» entenderase a que separe o lugar de orixe e aquel no que se leve a cabo a actividade, mentres que o importe cubre a contribución ao viaxe de ida e volta dende o lugar da actividade.*

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es/resources-and-tools/distance-calculator>

**A viaxe ecolóxica defínese como aquela que utiliza medios de transporte con baixas emisións no tramo principal do traxecto, por exemplo, o autobús, ferrocarril ou automóbil compartido.*

AXUDAS DE VIAXE PARA PERSOAL do proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-000113935:

Distancias	Desprazamento estándar- Importe	Desprazamento ecolóxico- Importe
Entre 10-99 km	23€	
Entre 100-499km	180€	210€
Entre 500-1999 km	275€	320€
Entre 2000-2999 km	360€	410€
Entre 3000-3999 km	530€	610€
Entre 4000-7999 km	820€	
8000km ou máis	1500€	

APOIO INDIVIDUAL PARA PERSOAL DE CICLO SUPERIOR do proxecto 2023-1-ES01-KA131-HED-000113935 :

	Países de acollida	Importe por día
Grupo 1 Países con costes de vida superiores	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	120€/día
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Alemania, Austria, Bélxica, Chipre, España, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	105€/día
Grupo 3 Países con costes de vida inferiores	Bulgaria, Chequia, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía	90€/día

APOIO INDIVIDUAL PARA PERSOAL DE CICLO SUPERIOR do proxecto 2024-1-ES01-KA131-HED-000196111. :

	Países de acollida	Importe por día
Grupo 1 Países con costes de vida superiores	Alemania, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos y Suecia	120€/día
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Chipre, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta, Portugal	105€/día
Grupo 3 Países con costes de vida inferiores	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia, Turquía	90€/día

APOIO INDIVIDUAL PARA PERSOAL CICLO MEDIO do proxecto 2024-1-ES01-KA121-VET-000196110 :

	Países de acollida	Apoio individual por día
Grupo 1 Países con costes de vida superiores	Alemania, Austria, Bélxica, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Islandia, Italia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Países Baixos e Suecia.	124€/día
Grupo 2 Países con costes de vida medios	Chequia, Chipre, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estonia, Grecia, Letonia, Malta e Portugal.	110€/día
Grupo 3 Países con costes de vida inferiores	Bulgaria, Croacia, Hungría, Lituania, Macedonia del Norte, Polonia, Rumanía, Serbia e Turquía.	96€/día

Quinta. Adxudicación das prazas e publicidade do proceso de selección

A publicidade dos actos do proceso de selección, así como as comunicacións procedentes, realizaranse mediante a publicación na web do centro (www.cifpanxelcasal.es).

Se fose preciso, realizarase a baremación das persoas participantes de acordo cos criterios de valoración aprobados. Unha vez feita a baremación das persoas participantes, publicarase unha listaxe provisional de profesorado seleccionado e unha listaxe de reserva para cubrir eventuais renuncias. As persoas solicitantes terán un prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións. Rematado o prazo de reclamacións, publicarase unha listaxe definitiva de profesorado seleccionado e en reserva.

As persoas solicitantes incluídas na listaxe de reserva substituirán, por orde de puntuación, ás seleccionadas que renuncien á súa participación no programa ou que non poidan participar nel por causas de forza maior.

Si por algún motivo se ampliasen o número de prazas dos proxectos, para a adxudicación das novas prazas empregárase a baremación das persoas participantes.

A realización da mobilidade, a bolsa Erasmus+ a recibir e o destino final sempre estará condicionado á subvención de cada proxecto e á situación internacional.

Sexta. Criterios de selección

Para a selección dos participantes nas mobilidades establécense os seguintes criterios:

1. Antigüidade no centro (máximo 4 puntos).

Por cada ano de traballo no centro como persoal funcionario de carreira con destino definitivo, incluído o curso actual: 0,4 puntos por cada ano ata un máximo de 4 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as Certificacións de competencias lingüísticas aportadas:

Nivel A2: 0,5 puntos

Nivel B1: 1 punto

Nivel B2: 2 puntos

Nivel C1: 3 puntos

Nivel C2: 4 puntos

3. Idoneidade da proposta e repercusión na comunidade educativa (máximo 3 puntos).

Valorarase o acordo de formación entregado polo profesorado, facendo constar as necesidades da mobilidade e os contactos establecidos. Basearase no acordo de formación coa institución de acollida que hai que facer previamente á mobilidade: Datos das institucións e do participante, Obxectivos, Valor engadido, Actividades, Resultados, impacto esperados, etc.

Valorarase a idoneidade para aplicar no centro a formación recibida e tamén se valorarán os contactos novos para o centro que sexan posibles para a acollida de alumnado en prácticas.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 1,5 puntos para poder ser seleccionado/a.

4. Participación no programa Erasmus+ como docente

A non participación en mobilidades con bolsa Erasmus+ o curso anterior (1 punto).

A non participación en mobilidades con bolsa Erasmus+ nunca (2 puntos).

No caso de empate nos méritos, darase prioridade, pola seguinte orde:

- Ao profesorado que teña máis puntuación no criterio 1. Se continuase o empate, ao profesorado que teña máis puntuación no criterio 2. E se continúa o empate, ao profesorado que teña máis puntuación no criterio 3.

- Por sorteo.

Sétima. Comisión de valoración

1. A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora que estará integrada por:

– Presidente/a: a persoa que exerce a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.

– Vogais:

A coordinadora de programas internacionais.

Dous membros do equipo directivo do centro.

– Secretario/a: un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

Oitava. Obrigas das persoas beneficiarias das bolsas

As persoas beneficiarias das bolsas comprometeranse á elaboración de material de difusión da mobilidade realizada para a comunidade educativa.

Tamén será necesario aportar, como mínimo, un contacto novo para o centro que permita a acollida de alumnado en prácticas.

Novena. Protección de Datos

Os datos persoais facilitados no formulario de inscrición, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o programa Erasmus+ do CIFP Ánxel Casal.

Décima. Normativa aplicable

En calquera caso, a participación neste programa estará suxeita, por norma xeral, aos criterios e bases establecidos na convocatoria de subvencións de proxectos de mobilidade Erasmus+, así como ao establecido nos convenios subscritos polo CIFP Ánxel Casal e o Servicio Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE).

O desenvolvemento das diferentes mobilidades quedará supeditada á concesión da subvención por parte do SEPIE e á autorización da Inspección Educativa.

A Coruña, 17 de Xaneiro de 2025

Cristina Vázquez Fernández

Rufino David Luaces Gudín

Coordinación de Programas Internacionais

Dirección